

# Campamentos urbanos de Nadal 2025 Fórum e Ágora

Durante este campamento de Nadal no Fórum e no Ágora descubriremos o Circo a través dos sentidos.

A aventura está a piques de comezar... Nun recuncho agochado do tempo, ergueuse un circo moi especial. Non ten carpa de cores nin focos brillantes, pero no aire respírase maxia, misterio e ilusión. Contan que quen entra nel, non sae nunca sendo a mesma persoa.

Viaxaremos a un mundo onde cada risa e cada mirada pode abrir portas invisibles. Cada día é unha nova escena.

Pouco a pouco, iremos descubrindo que a verdadeira maxia non está nos trucos e no escenario, senón na capacidade de soñar que medra dentro de cada corpo.

Cada aventura será a chispa que nos lembrará que o marabilloso, está moito máis preto do que parece.

## LUGARES E DATAS

No Fórum Metropolitano ou no Centro Ágora.

Os días 22, 23, 26, 29, 30 de decembro de 2025 e 2, 5 e 7 de xaneiro de 2026.

## PARTICIPANTES

Nenas e nenos nadas/os entre 2014 e 2022. Teñen que ter cumpridos os 3 anos no momento de inicio do campamento.

Número de prazas en cada centro: 90 prazas, distribuídas en 6 grupos por idades.

Reservarase unha porcentaxe das prazas para solicitantes con diversidade funcional nun grao que lles permita participaren nas actividades motrices co grupo. Non se acometerán tarefas que requiran funcións médicas ou hixiénico-sanitarias.

No caso de que haxa maior demanda deste tipo de prazas, valorarase individualmente cada solicitude.



## HORARIO

Ordinario: de 10.00 a 14.00 h.

Coa posibilidade de ampliación horaria, para a conciliación familiar:

- Opción A: de 10.00 a 14.30 h
- Opción B: de 9.00 a 14.00 h
- Opción C: de 9.00 a 14.30 h
- Opción D: de 8.30 a 14.00 h
- Opción E: de 8.30 a 14.30 h.

As modalidades de ampliación horaria só se porán en marcha cun mínimo de 10 participantes.


Haberá unha pausa de 11.45 a 12.00 h, para a merenda (que cada participante deberá traer da súa casa).

## COTA

Campamento, con horario ordinario: 35,00 €

Para as opcións con ampliación horaria:

- Opción A: 38,00 €
- Opción B: 40,00 €
- Opción C: 42,50 €
- Opción D: 42,50 €
- Opción E: 45,00 €



Se unha vez aboada a cota non fose posible realizar o campamento, só se devolverá o seu importe se se cubre a praza con outra persoa solicitante.

## INSCRICIÓN

O día 1 de decembro, na nosa páxina web [www.coruna.gal/cultura](http://www.coruna.gal/cultura) abriase o formulario para a inscrición.

A inscrición será directa ata que se cubran as prazas. Todo o proceso será telemático.

- Unha vez enviado o formulario, no momento recibirá un primeiro correo electrónico co xustificante de recepción da información indicada no dito formulario (remíteo automaticamente Google).
- Nun prazo máximo de 48 horas, recibirá un segundo correo de Serviplustotal S.L. [forumagora@serviplus.org](mailto:forumagora@serviplus.org) coa confirmación da praza (se fai a inscrición na fin de semana, será ó longo do luns seguinte).

Revise a carpeta de “spam” eses días, por se acaso. Cando nese segundo correo reciba esa confirmación da praza, ten que realizar o ingreso do importe correspondente á modalidade horaria elixida, no seguinte número de conta de ABANCA:

**ES76 2080 0036 6230 4002 1977**

Unha vez aboado, terá que enviarnos dende a súa conta de correo electrónico ao mesmo correo [forumagora@serviplus.org](mailto:forumagora@serviplus.org) co:

- xustificante da transferencia ou unha captura de pantalla desta. Por favor, pídese non mandalo dende a aplicación do banco, xa que dende algunhas non nos facilitan ningún dato.
- nome da nena ou do neno.
- centro (Fórum ou Ágora).
- Opción da ampliación horaria (A, B, C, D ou E)

Este correo permitiranos cotexar que o pago é correcto (xa que, por cuestións relacionadas coa protección de datos, non temos acceso á información bancaria das persoas que fan o ingreso, e os xustificantes de recepción das aplicacións dos diferentes bancos non sempre facilitan os datos que requirimos, xa que nalgúns só se envía o nome do titular da conta, sen indicar o concepto da transferencia). O prazo para enviar o correo co xustificante bancario será de 3 días hábiles, unha vez transcorridos, poremos a praza de novo a disposición, até esgotárense as mesmas.

No caso de que non poidan asistir ao campamento, non se farán devolucións, salvo que se cubra a praza.

MÁIS INFORMACIÓN...



Dous días antes do comezo do campamento enviarase por correo electrónico ao enderezo dende o que se realiza a inscrición, toda a información relacionada co funcionamento do dito campamento.

Se precisaren máis información, poden solicitala:

- a través do servizo telefónico gratuíto 010
- ou nos correos electrónicos:

[forumagora@serviplus.org](mailto:forumagora@serviplus.org) / [imceocio@coruna.gal](mailto:imceocio@coruna.gal)

ESPERÁMOSVOS!

